2

A actividade política

O galeguismo antes da Guerra Civil



Día das Letras Galegas 2009

Ramón Piñeiro

Na década dos 30 é fiel lector de "El pueblo gallego" que fomenta nel un vivo interese pola vida cultural e política de Galicia. Ás veces publicaban artigos de Otero Pedrayo en galego que Piñeiro recortaba para conservar e estudar con meticulosidade.

20 CENTIMOS

EL PUEBLO GALLEGO

NUMERO XXX

Ano e día de semana XXX

Vigo, un día calquera

1916

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, o mes. 40 cts

Fora, » 50 »

Coste d'un número 10 »

América 2 pts. trimestre

Número V

Redacción e administración: CANTÓN GRANDE 18, BAIXO

En 1931. logo da proclamación da 2ª República, asiste a un mitin no que intervén Lois Peña Novo que o impresiona moito. Sería nas súas palabras o seu primeiro contacto humano cunha voz galeguista.

En 1936, o 18 de xullo, en representación dos galeguistas asesora o gobernador de Lugo. Consegue fuxir do Goberno Civil desde o mesmo despacho do gobernador facéndose pasar por un funcionario mentres remexía nos papeis diante dos militares que tiñan tomado o controldo Goberno Civil Provincial.

En 1933 asiste á Asemblea que o Partido Galeguista organizaba en Santiago para preparar as eleccións e coñece a Castelao, Alexandre Bóveda, Gómez Román, Plácido Castro, etc.

Daniel Rodríguez Castelao

Manuel Gómez Román

Plácido Castro

En 1932 participa en Lugo na fundación das Mocidades Galeguistas locais. É elixido o seu secretario de Cultura. Durante a organización de actividades culturais coñece a Otero Pedrayo a quen adimiraba desde neno e con quen mantería unha íntima amizade toda a vida.

O galeguismo da República contrastaba moito coas demais forzas políticas de Galicia porque, mentres estas teimaban en loitar unhas coas outras polo poder, o galeguismo porfiaba en espertar a conciencia colectiva de Galicia, traballaba polo futuro do pobo galego deixando a un lado os éxitos ou fracasos electorais. Isto dáballe unha crecente credibilidade entre a opinión pública.

Adaptación dunha entrevista en *Unha ducia de galegos* de Víctor Freixanes

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística